Esta acta va seguida de copia en castellano

XUICES para a DEMOCRACIA

ACTA DA XUNTANZA DA SECCIÓN TERRITORIAL DE GALICIA DE 8 DE MAIO DE 2009

Celebrada en Pontevedra, o 8 de maio de 2009, despois de acudir á toma de posesión do noso compañeiro Javier Menéndez como Presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra. Asistiron: Carlos López Kéler, Celeste Ameneiro, Teruca Conde, Magdalena Fernández, Dalila Dopazo, Sandra Piñeiro, José Juan Barreiro, Miguel Aramburu, Fernando Cabezas, Luciano Varela e Luís Villares. Outros compañeiros disculparon a súa ausencia, como Eloy Fernández (Ferrol) e Alfonso Villagómez.

1. VALORACIÓN POLÍTICA DO CAMBIO DE GOBERNO NA XUNTA.

Acordouse que perante o cambio de goberno, e despois de lamentar que os asuntos relativos á xustiza non dispoñan de Consellaría propia, se fagan notar á nova dirección política da Xunta na materia en especial as seguintes cuestións:

- en relación ao funcionariado de xustiza, diversas cuestións en relación ao seu réxime, que teñen especial incidencia no funcionamento da oficina xudicial, como o tema dos horarios, e o establecemento dun réxime de control;
- carencias e necesidade de reforzar a formación dos interinos, tanto funcionarios como xuíces substitutos;
- en canto avance a concreción das modificacións legais que se están tramitando en relación á nova oficina xudicial, presentación de propostas para facela efectiva.

Para indagar cal son as prioridades do novo goberno en materia de xustiza, a Sección acorda remitirlle unha carta ao Conselleiro no que se lle ofrece unha entrevista para que nos expoña o seu programa. Con posterioridade, a Sección reunirase e acordará unha serie de propostas que facerlle e transladarlle nunha reunión posterior.

2. FOLGA DE XUÑO.

Destácase o recente comunicado emitido polo Secretariado no que se valora positivamente o estado das negociacións co Ministerio, e a diferente percepción que do proceso trnasmite APM.

En canto aos aspectos concretos das negociacións, faise especial fincapé nos sinalamentos e na acumulación de asuntos que podería quedar en mans dos secretarios. Vese que non é tan importante o dos sinalamenos sempre e cando responda a criterios obxectivos e pídese máis atención ao tema da acumulación de asuntos. Miguel e Fernando discrepan sobre a pouca importancia no tema dos sinalamentos, entendendo que si a ten. No momento da discusión coñécese o borrador que pode solucionar en parte o problema, ao transladar en última instancia a decisión ao xuíz.

3. ACTUACIÓN EN AUDIENCIAS PROVINCIAIS E TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA.

Partindo de que non se pretende coartar o traballo dos compañeiros que neste momento ocupan estas responsabilidades, trátanse varios asuntos relativos á Sala de Goberno:

- o primeiro deles, relativo á conveniencia de que se impulse unha maior difusión das ordes do día, actas e acordos da Sala de Goberno, para que sexan coñecidas por todos xuíces/as e maxistrados/as que traballan en Galicia;
- solicítase que se apoie formalmente a promoción de Outeiriño e Fernando Seoane para a sala de goberno, o que acorda a sección;
- chámase a atención sobre a proximidade das eleccións á sala de goberno, previstas para antes de final de ano, e acórdase abordar o tema á volta do congreso para preparalas convenientemente.

4. CONGRESO.

Non existindo na data da reunión documentos publicados polas ponencias do congreso que se podan ir debatendo, posto que o traballo nas tres comisións creadas aínda non rematou, limítase a Sección a transladar a todos os membros presentes e ausentes da xuntanza a necesidade de implicarse no proceso congresual tanto no traballo previo como acudindo a Tarragona.

Na xuntanza Sandra, Dalila, Carlos, Celeste, Luciano e Fernando amosan a súa decisión de participar. Tamén se translada as de Belén de Redondela, Paz e Raquel de Negreira de facer o propio.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás seis da tarde.

ACTA DE LA REUNIÓN DE LA SECCIÓN TERRITORIAL DE GALICIA DE 8 DE MAYO DE 2009

Celebrada en Pontevedra, el 8 de mayo de 2009, después de acudir a la toma de posesión de nuestro compañero Javier Menéndez como Presidente de la Audiencia Provincial de Pontevedra. Asistieron: Carlos López Kéler, Celeste Ameneiro, Teruca Conde, Magdalena Fernández, Dalila Dopazo, Sandra Piñeiro, José Juan Barreiro, Miguel Aramburu, Fernando Cabezas, Luciano Varela y Luís Villares. Otros compañeros disculparon su ausencia, como Eloy Fernández (Ferrol) y Alfonso Villagómez.

1. VALORACIÓN POLÍTICA DEL CAMBIO DE GOBIERNO EN LA XUNTA.

Se acordó que ante el cambio de gobierno, y después de lamentar que los asuntos relativos a la justicia no dispongan de Consejería propia, se hagan notar a la nueva dirección política de la Xunta en la materia en especial las siguientes cuestiones:
- en relación al funcionariado de justicia, diversas cuestiones en relación a su régimen, que tienen especial incidencia en el funcionamiento de la oficina judicial, como el tema de los horarios, y el establecimiento de un régimen de control;
- carencias y necesidad de reforzar la formación de los interinos, tanto funcionarios como jueces sustitutos;
- en cuanto avance la concreción de las modificaciones legales que si están tramitando en relación a la nueva oficina judicial, presentación de propuestas para hacerla efectiva.

Para indagar cuales son las prioridades del nuevo gobierno en materia de justicia, la Sección acuerda remitirle una carta al Consejero en el que se le ofrece una entrevista para que nos exponga su programa. Con posterioridad, la Sección se reunirá y acordará una serie de propuestas que hacerle y transladarlle en una reunión posterior.

2. HUELGA DE JUNIO.

Se destaca el reciente comunicado emitido por el Secretariado en el que si valora positivamente el estado de las negociaciones con el Ministerio, y la diferente percepción que del proceso transmite APM.

En cuanto a los aspectos concretos de las negociaciones, se hace especial hincapié en los señalamientos y en la acumulación de asuntos que podría quedar en manos de los secretarios. Vease que no es tan importante el de los señalamientos siempre y cuando responda a criterios objetivos y se pide más atención al tema de la acumulación de asuntos. Miguel y Fernando discrepan sobre la poca importancia en el tema de los señalamientos, entendiendo que si la tiene. En el momento de la discusión

se conoce el borrador que puede solucionar en parte el problema, al trasladar en última instancia la decisión al juez.

3. ACTUACIÓN EN AUDIENCIAS PROVINCIALES Y TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA.

Partiendo de que no se pretende coartar el trabajo de los compañeros que en este momento ocupan estas responsabilidades, se tratan varios asuntos relativos a la Sala de Gobierno:

- el primero de ellos, relativo a la conveniencia de que se impulse una mayor difusión de las órdenes del día, actas y acuerdos de la Sala de Gobierno, para que sean conocidas por todos jueces/as y magistrados/as que trabajan en Galicia;
- se solicita que se apoye formalmente la promoción de Outeiriño y Fernando Seoane para a sala de gobierno, lo que acuerda la sección;
- se llama la atención sobre la proximidad de las elecciones a la sala de gobierno, previstas para antes de final de año, y se acuerda abordar el tema a la vuelta del congreso para prepararlas convenientemente.

4. CONGRESO.

No existiendo en la fecha de la reunión documentos publicados por las ponencias del congreso que se puedan ir debatiendo, puesto que el trabajo en las tres comisiones creadas aún no terminó, se limita la Sección la transladar a todos los miembros presentes y ausentes de la reunión la necesidad de implicarse en el proceso congresual tanto en el trabajo previo como acudiendo a Tarragona.

En la reunión Sandra, Dalila, Carlos, Celeste, Luciano y Fernando muestran su decisión de participar. También se translada las de Belén de Redondela, Paz y Raquel de Negreira de hacer el propio.

Sin más asuntos que tratar se levanta la sesión a las seis de la tarde.